



A Comisión Autónoma Central de Farmacia e Terapéutica (CACFT) reunida en data 29 de xaneiro de 2014, á vista da solicitude formulada pola Comisión de Farmacia e Terapéutica do Complexo Hospitalario Universitario de A Coruña, Complexo Hospitalario Universitario de Vigo, Complexo Hospitalario de Pontevedra, Complexo Hospitalario Universitario de Ferrol, Hospital Universitario Lucus Augusti, Hospital do Barbanza e Hospital da Costa, **NON CONSIDERA PERTINENTE**, de acordo á instrución 4/2010 do 26 de abril da Xerencia do Servizo Galego de Saúde, a inclusión na guía farmacoterapéutica das institucións sanitarias do Servizo Galego de Saúde, do medicamento considerado de alto impacto, sanitario, social e económico:

COLAGENASA de *Cl. histolyticum*

Excepcionalmente, poderá utilizarse este medicamento, baixo autorización individualizada da Dirección do centro hospitalario, no tratamento da contractura de Dupuytren en pacientes adultos que cumpran todos estes requisitos:

- Contractura con corda palpable e ata dúas articulacións metacarpofalánxicas afectadas de forma severa, e
- Cando a fasciectomia parcial é adecuada, pero na valoración preanestésica o paciente atópase nun grupo de risco alto e non é susceptible de recibir anestesia troncular mediocubital, e
- A fastiotomia percutánea con agulla (PNF) non é una opción adecuada.

Esta resolución é comunicada, nesta data, á Comisión de Farmacia e Terapéutica do seu hospital.

Santiago de Compostela, 4 de febreiro de 2014

O PRESIDENTE DA COMISIÓN AUTONÓMICA CENTRAL DE FARMACIA E TERAPÉUTICA

D. Félix Rubial Bernardez

XERENTES DAS XERENCIAS DE XESTIÓN INTEGRADA

Comisións de Farmacia e Terapéutica do centros hospitalarios do Servizo Galego de Saúde

